

Tribunal designado para as probas selectivas para cubrir prazas da categoría profesional de técnico/a de servizos xerais pola quenda de promoción interna, da USC, convocadas por Resolución Reitoral do 5 de abril de 2024 (DOG nº77 do 18.04.24)

O Tribunal Cualificador do proceso selectivo para o acceso á categoría profesional de técnico/a de servizos xerais pola quenda de promoción interna, da USC en cumprimento da disposición da convocatoria que establece que “*Antes de realizar cada ejercicio o tribunal deberá ter aprobados e publicados os criterios de avaliación e corrección*”, en sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2025, acordou o seguinte:

**PRIMEIRO:** Segundo establece o Anexo I da convocatoria o terceiro exercicio do proceso selectivo consistirá en contestar por escrito un exercicio proposto polo tribunal de carácter teórico-práctico con tres respuestas alternativas, das que só unha será a correcta, relacionado co contido do programa, no cal os/as aspirantes deberán demostrar as capacidades para o desempeño das funcións correspondentes.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 90 minutos.

A puntuación deste exercicio será de 0 a 35 puntos e será necesario para superalo obter un mínimo de 15 puntos.

**SEGUNDO:** Para garantir o anonimato dos e das aspirantes non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folla de respostas do exame que poida inducir á súa identificación. De facelo invalidarase o exame outorgándolle unha puntuación de 0 puntos.

**TERCEIRO:** O tempo para efectuar este exercicio será de 90 minutos, agás para as persoas con adaptación. O Tribunal acordou que non se poderá abandonar a aula nin retirarse do exercicio antes dos primeiros 30 minutos e previa entrega do exame, nin 10 minutos antes da súa finalización.

**CUARTO:** Infórmase ás persoas aspirantes dos seguintes aspectos relacionados coa organización do exercicio:

- As persoas aspirantes deberá vir provistas de documentación oficial con fotografía, que permita a súa identificación (DNI, pasaporte ou carné de conducir)
- As persoas aspirantes deberán de vir provistas de **lapis do número 2 e goma de borrar**.
- **Non se poderá acceder á proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.**
- A entrada á proba será de acordo coa orde de chamamento que se iniciará a partir das 10:00 horas e comezará coa letra H.

A presidenta accidental do Tribunal  
Marta Otero Crespo

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARTA OTERO CRESPO, NIF \*\*\*0479\*\*, 28/02/2025 10:25:08.

CSV: 6356-E20C-4EE3-9973